

Educación para a sostenibilidade

Educación para la sostenibilidad



Camiño Portugués

Vía da Prata

Camiño Francés

Camiño do Norte

Camiño Inglés

Educació per a la sostenibilitat



Igrexa de San Domingos de Bonaval .- Foi construída no século XIV seguindo os cánones da arquitectura mendicante. No seu interior destacamos o Panteón de Galegos Ilustres e no convento a obra de **Domingo de Andrade**.



Santa María do Camiño.- No entorno de Casas Reais (RRCC, Juana de Castilla e Felipe el Hermoso) era o primeiro templo de intramuros co que se atopan os peregrinos do Camiño Francés. Foi reconstruída substituindo á primitiva de época románica. Miguel Ferro Caaveiro finalizou as obras a redor de 1770.



Igrexa de San Bento do Campo.- Na Plaza de Cervantes, foi fundada no século X e reformada por **Xelmírez** - desta época conserva no interior un tímpano coa **Adoración dos Magos**, motivo que se reitera noutros templos da cidade (**San Fins, Salomé, A Corticela**). A fachada neoclásica é obra de **Melchor de Prado**.



Igrexa de San Miguel dos Agros.- Igrexa neoclásica levantada sobre un templo da época do **Arcebispo Xelmírez** (s. XI II). Próxima á sede da **Inquisición**, na **Capela das Dolores** ou "**dos Axusticiados**", oraban os condenados á forca, e eran depositados os seus cadáveres antes da súa inhumación.



Museo das Peregrinacións.- Arquitectura civil compostelá do século XIV, coñecida como **Casa Gótica**, residencia do rei **Pedro I** e de **Fernando de Castro**, representante do dito monarca en Galicia e actor do asasinato do arcebispo **Berenguer de Landoria** (**Casa da Balconada e Castelo da Rocha**) partidario de **Enrique II**.



Igrexa de San Martiño Pinario.- Sobre a porta se divisa unha vistosa fachada praterresca. As torres levántanse só ata a altura da fachada, debido á oposición do cabildo catedralicio. A escaleira de acceso é deseño de **Plácido Camiña**. Retablos do interior de **Fernando Casas Novóa**.



Fachada do Mosteiro de San Martiño Pinario.- A portada acolle a **San Bieito**, rematando coa estrutura engadida por **de Casas Novóa** na que está o escudo de **España** entre vieiras e a figura de **San Martiño de Tours**. Por esta fachada accédese ao gran claustro procesional de **Casas Novóa**.



Pazo de Xelmírez. - Mandado construír polo **arcebispo Diego Xelmírez**, para substituír a antiga residencia episcopal derribada durante as revoltas urbanas do seu pontificado, data do século **XII**. No século **XVIII** engadiúselle un novo piso que obrigou a reforzar os muros cunha nova fachada a modo de contraforte.



O Pazo de Raxoi .- Situado fronte á fachada oeste da Catedral, foi mandado construír polo **arcebispo Raxoi** en **1766**, para residencia dos nenos do coro e seminario. As obras foron executadas polo enxeñeiro francés **Charles Lemaur**. No tímpano pode verse un relevo que representa a batalla de **Clavijo**, obra de **Gambino** e **Ferreiro**.



Hostal dos Reis Católicos .- Foi mandado construír en **1501** polos **Reis Católicos** para atender a enfermos e peregrinos segundo se pode ler na inscrición latina. A súa construción , decidiuse xa en **1492** coincidindo co **descubrimento de América**. A portada prateresca é obra dos mestres franceses **Martín de Blas** e **Guillén de Colás**.



A **Universidade** naceu en **1492**, coa creación do **Estudo Vello** por parte do notario da cidade **Lope de Marzoa**, do que conservamos esta portada románico-gótica (século **XIV**) incorporada ao **Colexio de San Xerome**, fundado polo arcebispo **Alonso III de Fonseca** no século **XVI**.




Colexio de Fonseca.- De estilo renacentista foi mandado construír polo arcebispo **Alonso de Fonseca** adaptando a casa onde el nacera. Comezará a funcionar no ano **1544** e nel terá sede a **Universidade Compostelá**. A portada é obra de **Alonso de Covarrubias** e o patio interior de **Gil de Hontañón**.



Fachada do Colexio San Clemente .- Fundado en **1610** polo arcebispo **Juan de San Clemente** e **Torquemada** para ensinar teoloxía e denominado **San Clemente de Pasantes** porque nel únicamente se admitían doctores. Na súa fachada encontramos elementos decorativos do barroco galego de inicios do século XVII.



Pazo de Bendaña.- Na **Praza do Toural**, é un palacio urbano, obra de **Clemente Fernández Sarela**, mandado construír polos **marqueses de Bendaña**. Foi rematado en **1759**. Na actualidade sede da fundación de **Eugenio Granell**.



PLANO DO CASCO HISTÓRICO DE COMPOSTELA



IES Profesor Domínguez Ortiz
Azuqueca de Henares,
(Guadalajara)



IES Francisco Figueras
Pacheco (Alacant)



IES Ses Estacions (Palma
de Mallorca. (Balears)



IES. San Tomé de Freixeiro (Vigo)